



**EXPEDIENTE 2024/C004/000002. Contrato de servizos de socorrismo acuático e mantemento das piscinas municipais do Concello de Touro na tempada de verán.**

**Informe da unidade técnica de valoración das ofertas e de formulación da proposta de adxudicación.**

En relación co contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: Servizos	
Obxecto do contrato: servizos de socorrismo acuático e mantemento das piscinas municipais do Concello de Touro na tempada de verán.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado abreviado	Tipo de tramitación: Ordinaria
CPV: 92330000-3 Servizo de socorrismo. 50800000-3 Servicios varios de reparación e mantemento	
Valor estimado do contrato: 59.976,00 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 19.992,00 €	IVE (21 %): 4.198,32 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 24.190,32 €	
Duración do contrato: tres meses ao ano (do 21 de xuño ao 10 de setembro) datas orientadoras, nas instalacións das piscinas municipais do Concello de Touro. O contrato poderá ser obxecto de prórroga de 1 +1, sen que o total poida superar o prazo de tres tempadas de verán.	

Con data 22 de maio de 2024, ás 10:56 horas, a unidade técnica composta polo funcionario administrativo, José Ramón Casal Orza, e o secretario-interventor, José López González, procedeu á apertura dos arquivos electrónicos presentados a través da Plataforma de Contratos do Estado.

Do resultado dese acto de apertura resulta que ó procedemento presentan ofertas os seguintes licitadores:

- VIRAXES, S.L. (C.I.F. B70213061) en data 14/05/2024 ás 17:21 horas
- VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, S.L. (C.I.F. B70077292) en data 20/05/2024 ás 16:15 horas

En cumprimento da cláusula décimo cuarta do PCAP á vista das proposicións presentadas polos licitadores e de conformidade co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Unidade Técnica que subscribe emite o seguinte,

**INFORME**

**1. APERTURA DE PROPOSICIÓNS**

Que na citada data, procedeuse á apertura das proposicións presentadas co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO CON IVE
VIRAXES, S.L.	18.396,00 €	3.863,16 €	22.259,16 €
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, S.L.	17.579,00 €	3.691,59 €	21.270,59 €



## 2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS.

Realizada a valoración das ofertas por esta unidade técnica, de acordo coas fórmulas establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares, quedan clasificadas co seguinte resultado por orde decrecente:

LICITADOR	Prezo sen IVE	Puntuación (100 puntos)
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, S.L.	17.579,00 €	100
VIRAXES, S.L.	18.396,00 €	95,56

## 3.- REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E DE EMPRESAS CLASIFICADAS

Procedeuse á comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa mellor clasificada están debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non están incurso en ningunha prohibición para contratar.

### PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

A continuación compróbase si a identidade da persoa que subscribe as ofertas se corresponde coa persoa habilitada para tal fin no Rexistro de Contratistas de Galicia.

En consecuencia, esta unidade técnica propón ao órgano de contratación a adxudicación do seguinte licitador:

LICITADOR	Puntuación total
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, S.L.	100 puntos

Rematado o acto ás 11:02 horas redactase o presente informe en Touro na data da sinatura electrónica á marxe.